

# VEIROS

estionado por Veiros

## EACCIÓNS

### A AELG achaca as declaracións de Steiner ao seu "descoñecemento temerario" da nosa cultura

o colectivo de escritores coida necesario impulsar as estruturas internacionais de promoción da lingua e da cultura alegas.

edacción - 19:15 27/08/2008

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) emitiu un comunicado para lamentar "profundamente as declaracións de George Steiner a respecto do noso idioma e da nosa literatura". A entidade amosa a súa sorpresa polo feito de que "unha persoa de probada valía intelectual, que no seu día recibiu o premio Príncipe de Asturias da Comunicación, manifeste un descoñecemento tan elevado da nosa literatura e non teña reparos en demostralo".

A AELG refírese a entrevista concedida por Steiner, do que di que amosou "un total desprezo polo que non coñece, facendo gala da súa ignorancia e demostrando unha nula gratitude cos cidadáns do Estado que un día o premiou". En calquera caso, a AELG quere pensar que non se trata dun prexuízo, senón de "descoñecemento temerario da nosa tradición literaria", polo que convida a George Steiner "a visitar o noso país e coñecer a nosa lingua e a nosa cultura", que "aínda hoxe é obxecto de admiración e estudo en todos os países do mundo".

Para a AELG, estas declaracións demostran que é necesario "impulsar as estruturas estabéis xa existentes e espalladas polo mundo, destinadas á promoción e ensino da lingua e da cultura galegas" e crear outras que apoiem a "necesaria internacionalización da nosa lingua e cultura desde presupostos claramente identificadores dunha terra con cultura milenaria e unha identidade propia".

- **Anterior:** "Non me comparen o catalán co galego. O catalán é un idioma importante..."

### Novas relacionadas

- "¡Non me compare o catalán co galego! O catalán é un idioma importante..."